



- Despois de mallar, dabase unha... que dis, unha tosta?

Pois unhas tostas, chamabamos unhas tostas, unhas rabanadas. Nun balde de viño, nun caldeiro, nun caldeiro, nunha porcelana, boa va! E entonces eramos así bastante xente, botábase eso, porque naquel entonces eiquí comiamos centeo máis negro, bueno, en fin, centeno. Pero o trigo comíase poucas veces pero na malla traíamos un panete, unhas panochas, sabe? de aí de Viana, eso. Entonces botábanse na olla esa e despois botábase un pouco azúcar, viño dulce e ... os rapaces... os vellos xa tanto lle daba. E entonces comiamos esas rabanadas de trigo e o que non tiña trigo centeo, non? Eh, claro. E entonces, despois outra vez a mallar. Chamábase estra, estrar. Había que ciscar os monllos, que agora claro, hai máquinas, non? Ciscar os mollos chamábase a estra. E despois cuando xa estaba mallado, que mallabamos os homes, bum, bum, bum, pois botabamos unha canción todos, todos e xuntabámonos todos abrazados unhos ós outros.

- E como era?

Pois a canción namáis era esto. Chamar polas mulleres á iaira. E entonces empezabamos:

Aaaaa...

Todo o que nos levaba a respiración. Era así.

Aaaaaaaaaaaa...

Ai aaa...

(Risas) Outra vez, dúas veces.

Aaaaaaaaaaaa...

A aira, mulleres!

Fuera, namáis. Namáis é eso.

- Non se cantaba ningunha?

Despois de cenar. Eso que lle cantei antes. Saliamos pola calle.

- Si, esas rondas. (...) Como era?

Tamén a teño eu, sabe como é?

Este é o tempo de estroupele, estroupele
este é o tempo de estroupelear
este é o tempo de mazar o liño
que o liño vai quedar sin mazar.



(...) o inverno e o liño quere calor como quere o pan, verdad? Entonces claro, despois viña xa logo cerca outubro ou tal que xa non facía calor, o liño poñíase así, vamos, verde, mollado coma do tempo e entón xa non se mazaba. Había que collelo pola forza do calor. Bum, bum, bum, ca maza así cunha pedra, bum, bumba, volta pra aquí, volta pra alí. (...)

O estroupele (risa) xuntabamonos, vinte ou trinta...